



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Xaneiro 2024

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2024


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI)¹. Xaneiro 2024

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en xaneiro de 2024 unha caída do 0,1% con respecto a xaneiro de 2023; en España aumentou o 3,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo aumentaron un 14,1% e os bens intermedios un 6,1% mentres que os bens de equipo diminuíron un 4,3%. Pola súa parte a enerxía retrocedeu un 8,0%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a: "fabricación de bebidas" que achega 1,4 puntos, "industria da alimentación" que suma 1,0 puntos e "outras industrias extractivas", que achega 0,7 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: "producción de enerxía eléctrica" que resta 3,1 puntos, "fabricación de vehículos de motor", cunha repercusión de -1,1 puntos e "fabricación doutros produtos metálicos" que restan 1,0 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Xaneiro 2024

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %	Índice	VARIACIÓNS (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	Xeral	105,5	-0,1	-0,1
	Bens de consumo	105,8	14,1	14,1
	Bens de equipo	102,1	-4,3	-4,3
	Bens intermedios	81,8	6,1	6,1
	Enerxía	99,8	-8,0	-8,0



¹ Difúndese, por primeira vez, o índice en base 2021.

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en xaneiro de 2024 unha caída do 0,1% con respecto a xaneiro de 2023; en España o índice aumentou o 3,6%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 14,1%, e achegan 2,7 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do -4,3%, o que resta 1,2 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** aumentan un 6,1%, cunha repercusión positiva de 1,1 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 8,0% e resta 2,7 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o descenso interanual en xaneiro do 0,1% débese principalmente á achega negativa (-5,5 puntos) de sete ramas; as principais foron: a "produción de enerxía eléctrica" que resta 3,1 puntos, a "fabricación de vehículos de motor", cunha repercusión de -1,1 puntos e a "produción de produtos metálicos" que resta 1,0 puntos a taxa interanual.

No que respecta ás repercusións positivas (5,5 puntos) de dezanove ramas, as principais foron: a "fabricación de bebidas" que achega 1,4 puntos, a "industria da alimentación", cunha repercusión de 1,0 puntos e "outras industrias extractivas" que suman 0,7 puntos á taxa interanual.


.

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI aumentou en doce Comunidades Autónomas neste mes de xaneiro. Os maiores incrementos rexistráronse en Andalucía 8,3%, Cataluña (7,7%) e Murcia (7,3%). Pola contra, os maiores descenso presentáronse en Illes Balears (-3,2%) e Asturias (-1,1%).


IPI Xaneiro 2024

Taxas de variación interanual en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

O INE publica por primeira vez o IPI en base 2021, na que se actualiza a mostra e as ponderacións.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xaneiro 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	105,5	-0,1	-0,1	--	--
Bens de consumo	105,8	14,1	14,1	2,7	2,7
Bens de equipo	102,1	-4,3	-4,3	-1,2	-1,2
Bens intermedios	81,8	6,1	6,1	1,1	1,1
Enerxía	99,8	-8,0	-8,0	-2,7	-2,7
España					
Xeral	101,9	3,6	3,6	--	--
Bens de consumo	99,9	3,1	3,1	0,8	0,8
Bens de equipo	108,3	7,5	7,5	1,7	1,7
Bens intermedios	94,4	2,5	2,5	0,8	0,8
Enerxía	110,4	1,5	1,5	0,3	0,3

Fonte: NE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xaneiro 2024

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-0,1		-0,1		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-10,4	-3,1	-10,4	-3,1	19,4
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-7,3	-1,1	-7,3	-1,1	13,3
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-12,3	-1,0	-12,3	-1,0	8,6
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-12,7	-0,3	-12,7	-0,3	2,3
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-33,8	-0,1	-33,8	-0,1	0,5
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-1,4	0,0	-1,4	0,0	1,0
Fabricación de mobles	-0,1	0,0	-0,1	0,0	1,3
Confección de roupa de vestir	0,2	0,0	0,2	0,0	1,8
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	0,4	0,0	0,4	0,0	2,8
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	3,4	0,0	3,4	0,0	0,8
Industria téxtil	9,1	0,1	9,1	0,1	0,8
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	2,0	0,1	2,0	0,1	3,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	2,4	0,1	2,4	0,1	5,1
Industria química	3,5	0,1	3,5	0,1	1,9
Outras industrias manufactureiras	12,0	0,1	12,0	0,1	0,7
Industria do papel	8,2	0,1	8,2	0,1	1,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	5,2	0,2	5,2	0,2	4,8
Fabricación doutro material de transporte	27,7	0,4	27,7	0,4	1,9
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	14,5	0,5	14,5	0,5	4,6
Outras industrias extractivas	126,8	0,7	126,8	0,7	1,1
Industria da alimentación	7,7	1,0	7,7	1,0	14,9
Fabricación de bebidas	39,0	1,4	39,0	1,4	3,8
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte: NE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xaneiro 2024

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	101,9	3,6	3,6
Galicia	105,5	-0,1	-0,1
Andalucía	96,1	8,3	8,3
Aragón	106,0	2,9	2,9
Asturias	92,3	-1,1	-1,1
Balears (Illes)	89,8	-3,2	-3,2
Canarias	109,0	6,7	6,7
Cantabria	100,4	2,5	2,5
Castilla - La Mancha	100,9	0,4	0,4
Castilla y León	106,5	-0,5	-0,5
Cataluña	104,2	7,7	7,7
Comunitat Valenciana	99,1	1,6	1,6
Extremadura	105,6	5,3	5,3
Madrid	106,1	2,9	2,9
Murcia	92,7	7,3	7,3
Navarra	103,1	5,9	5,9
País Vasco	100,4	-0,8	-0,8
Rioja (La)	96,8	0,1	0,1

Fonte: INE